



MEMORIA CONXUNTA, XUSTIFICATIVA, ECONÓMICA E DE INDICADORES, DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN, A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA, PARA O DESENVOLVEMENTO DO GLOBAL ENTREPRENEURSHIP MONITOR (PROXECTO GEM) EN ESPAÑA A NIVEL REXIONAL

De acordo co preceptuado no artigo 149.1.7 da *Constitución Española*, a *Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia*, no seu artigo 29, atribúelle á Comunidade Autónoma a competencia para a execución da lexislación do Estado en materia laboral, asumindo as facultades, funcións e servizos correspondentes a este ámbito.

En virtude do previsto no artigo 1 do *Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración* (DOG núm. 101, do 27 de maio), a esta Consellería lle corresponden, entre outras competencias, as seguintes:

a) *Propor, deseñar, coordinar e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito laboral e do emprego, que engloba, ente outras, as competencias en materia de políticas activas de emprego, emprendemento, emprego autónomo, cooperativas e outras entidades de economía social, formación para o emprego, orientación e colocación, intermediación laboral, así como política laboral, relacións laborais, seguridade e saúde laboral, e responsabilidade social empresarial.*

Consonte o artigo 19 do dito Decreto 147/2024, como órgano superior da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, correspóndelle á Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais: c) *A dirección, coordinación, control e execución das competencias da Comunidade Autónoma en materia de apoio, fomento e mantemento do emprego, traballo autónomo, cooperativas e economía social, apoio á integración laboral das persoas con discapacidade ou en situación de vulnerabilidade e formación profesional para o emprego en toda a súa extensión; d) A dirección das competencias da Comunidade Autónoma en materia de emprendemento e a coordinación das atribuídas a outros órganos, así como a promoción de políticas públicas e programas que impulsen, promocionen e apoiem a cultura emprendedora; (...) f) A dirección e xestión das funcións atribuídas á Consellería en materia de fomento do emprego en colaboración coas administracións e institucións públicas e con entidades sen ánimo de lucro.*





Tal e como establece o artigo 43 do Decreto 147/2024, a Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social, como órgano de dirección directamente dependente da Secretaria Xeral de Emprego e Relacións Laborais, exercerá, entre outras, as seguintes funcións: *a) Asumirá as competencias de apoio ao emprendemento durante todas as fases da actividade emprendedora, tanto as actuacións necesarias para o comezo da actividade como a súa realización efectiva posterior, e incluírá a implementación e mantemento, con servizos de asesoramento, mentoría (mentoring), así como de apoio económico ou doutra índole, ao crecemento e o mantemento do emprego, e cantas funcións lle sexan atribuídas por parte da persoa titular da Secretaría Xeral e, en particular, a coordinación coas restantes direccións xerais da Consellería, así como cos outros centros directivos ou organismos da Comunidade Autónoma en todo canto se trate de actuacións vinculadas ao emprendemento, crecemento e mantemento de emprego.*

Na mesma liña, esta Dirección Xeral asume a colaboración e a coordinación das diferentes actuacións con outros axentes territoriais, organismos, institucións públicas e privadas de ámbito nacional, autonómico e local vinculadas ou que realicen actividades de fomento ao emprendemento e apoio ao emprego. Polo tanto, con carácter xeral, encárgase de apoiar e promover calquera tipo de actividade que contribúa ao emprendemento en Galicia.

Pola súa parte, a Universidade de Santiago de Compostela (en adiante, USC) é unha entidade que desenvolve actividades de estudo, docencia, investigación e extensión universitaria, e manifesta a súa vontade de participar en programas relacionados co emprendemento e a captación do talento, así como contribuír ao progreso e á difusión da cultura emprendedora no ámbito da comunidade universitaria e da sociedade e desenvolver actividades de investigación e formación de carácter científico e técnico. A USC posúe experiencia probada No desenvolvemento de estudos no eido do emprendemento e na transferencia de recursos de distinta natureza entre os grupos de investigación e o sector produtivo. Así, a innovación e o progreso sostible configúranse actualmente como elementos chave para a creación de emprego dentro da sociedade do coñecemento.

A USC mantén un compromiso co emprendemento como unha das principais vías de capacitación profesional e desenvolve actuacións para a promoción do talento e o espírito



empendedor dirixidas á comunidade universitaria.

Así mesmo, a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG, en adiante) é unha entidade sen ánimo de lucro, de carácter intersectorial, con ámbito de actuación nas catro provincias galegas e que agrupa ás confederacións provinciais de empresarios. O seu principal obxectivo fundacional é o fomento do sistema de iniciativa privada e a economía de mercado na Comunidade Autónoma galega. Constituída no ano 1981 por común acordo das catro Confederacións Provinciais de Empresarios é unha entidade de afiliación voluntaria e de estrutura democrática. Dende a súa creación, é a organización empresarial máis representativa no ámbito autonómico galego e forma parte da Confederación Española de Organizacións Empresariais (CEOE) y da Confederación Española da Pequena e Mediana Empresa (CEPYME).

Entre os obxectivos da CEG, destacan os seguintes:

- O fomento do sistema de iniciativa privada e a economía de mercado.
- A representación e defensa dos intereses xerais do empresariado.
- A captación, promoción e desenvolvemento da vocación empresarial.
- O apoio no desenvolvemento de proxectos empresariais innovadores.

O Proxecto GEM é un programa mundial de investigación, difusión e compromiso académico, que se materializa nunha acción sistemática de recompilación, preparación de informes e coleccións de datos, así como no desenvolvemento de diversas actividades deseñadas en beneficio e axuda de investigadores e responsables de políticas e programas públicos no campo da creación de empresas. Este proxecto foi posto en marcha a nivel mundial pola London Business School e a Babson College, rexéndose por ciclos anuais cun estrito calendario que vén determinado polos órganos do GEM Consortium. O elemento chave que caracteriza e diferencia ao Proxecto GEM doutras fontes de información sobre o fenómeno emprendedor ou a creación de empresas, é a utilización dunha metodoloxía de investigación propia e común en todos os países e rexións participantes, o que permite obter información comparable entre territorios. O que caracteriza esta metodoloxía é a homoxeneidade das ferramentas empregadas para recoller a información e o desenvolvemento do traballo como fonte independente complementada polas fontes xa existentes sobre indicadores socioeconómicos.



A nivel nacional, lidera o Proxecto GEM o Observatorio do Emprendemento de España (en adiante, OEE) sobre a base dunha Rede Española -RedGEM- de 19 equipos académicos de diferentes universidades españolas e co apoio de diversas institucións, empresas e organizacións. O proxecto réxese polos principios GEM, enfocándose na figura das persoas emprendedoras e no proceso emprendedor. Os 19 equipos, coordinados polo OEE, analizan o ecosistema emprendedor a nivel rexional, abrangendo a totalidade do territorio nacional. Pola súa vez, o OEE encárgase da edición do informe nacional.

O equipo GEM na nosa Comunidade autónoma xurde no ano 2005, froito da colaboración entre a CEG, a USC e a Xunta de Galicia (primeiro a través do Instituto Galego de Promoción Económica e posteriormente da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración).

Para a edición do Informe GEM Galicia 2024-25, a USC mantén o seu papel de Dirección do Equipo GEM Galicia e Dirección Técnica do Informe GEM Galicia. Pola súa parte, a CEG actúa como representante do sector empresarial, e representa a Xunta de Galicia a Consellería de de Emprego, Comercio e Emigración.

FINALIDADE E XUSTIFICACIÓN

As partes intervintes están interesadas en consolidar as bases para a creación dunha rede conxunta de investigación que permita a realización de estudos rexionais para Galicia no contorno GEM.

Neste sentido, constitúe o obxecto xeral do presente convenio entre Consellería Emprego, Comercio e Emigración, a USC, e a CEG, a colaboración para a realización e execución dos traballos do Proxecto GEM en España a nivel rexional, concretamente en Galicia, durante o ano 2025. Estes traballos son:

- Enquisa á poboación adulta (APS), *Adult Population Survey*, de acordo á metodoloxía GEM durante ano 2025.
- Entrevista a expertos (NES), *National Expert Survey*, de acordo á metodoloxía GEM durante ano 2025.



- Redacción, edición, presentación pública e difusión do Informe GEM Galicia 2024-2025

Con respecto á territorialización do gasto, este afecta a toda a Comunidade Autónoma de Galicia.

A achega económica da Consellería destinarase exclusivamente a cubrir os custos xerados desde o 01/01/2025 ata o 17/11/2025 que sexan precisos para a execución e cumprimento do obxecto do convenio, coa seguinte distribución:

- 37.000,00 € destinados á USC
- 3.000,00 € destinados á CEG

Por último, procede manifestar que tanto a Universidade de Santiago de Compostela como a Confederación de Empresarios de Galicia cómpren cos requisitos establecidos para obter a condición de beneficiaria, segundo o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

XUSTIFICACIÓN ECONÓMICA

O financiamento do obxecto deste convenio (**subvención nominativa por concesión directa**) ascende a un total de corenta mil euros (40.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 14.04.322C.444.2 (código de proxecto 2023 00113) dos orzamentos da Comunidade Autónoma, aprobados pola *Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025*.

Obxecto	Aplicación orzamentaria	Código de proxecto	Importe
Convenio coa Universidade de Santiago de Compostela e a Confederación de Empresarios de Galicia para o desenvolvemento do Global Entrepreneurship Monitor (Proxecto GEM) en España a nivel rexional	14.04.322C.444.2	2023 00113	40.000,00 €

A achega económica da Consellería destinarase exclusivamente a cubrir os custos xerados desde o 01/01/2025 ata o 17/11/2025 que sexan precisos para a execución e cumprimento do



obxecto do convenio, coa seguinte distribución:

- 37.000,00 € destinados á USC
- 3.000,00 € destinados á CEG

Con respecto á territorialización do gasto, este afecta a toda a Comunidade Autónoma de Galicia.

CLASIFICACIÓN DO GASTO

Sección 14: Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

Servizo 04: Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social

Programa 322C: Promoción do emprego, do emprego autónomo e do mercado de traballo inclusivo

Concepto 444: A universidades públicas da comunidade autónoma

Subconcepto 444.2: Convenio USC e CEG Proxecto GEM

ENCAIXE NO PLAN ESTRATÉXICO DE GALICIA 2022-2030

Este convenio, con cargo ao código de proxecto 2023 00113, ten o seguinte encaixe no Plan Estratégico de Galicia 2022-2030, dentro das principais liñas de actuación de carácter estratéxico:

Eixo E1 *O reto demográfico.*

Prioridade de actuación PA01 *Acadar un nivel de emprego elevado e de calidade, que garanta o equilibrio entre a vida profesional e a privada.*

Obxectivo estratéxico OE03 *Aumentar as competencias emprendedoras, impulsar a creación de empresas e iniciativas de traballo por conta propia sustentables e fomentar un mercado de traballo inclusivo.*

Obxectivo operativo O002 *Programas de promoción do emprendemento e apoio ao emprego autónomo.*

CADRO DE FITOS E OBXECTIVOS:

Plan Estratégico	Planificación Fondos Europeos	Actividade	Indicador	Valor previsto orzamentos 2025 CP 2023 00113



Plan Estratégico de Galicia PEG 2022-2030	Actuacións de estudo, difusión e promoción	P00020	13
	Participantes en accións de formación. Mulleres	P227.M	250
	Participantes en accións de formación. Homes	P227.H	250

Respecto das actuacións comprendidas no convenio, a Universidade de Santiago de Compostela e a Confederación de Empresarios de Galicia realizan unha estimación dos gastos a realizar ao abeiro deste convenio, desagregados por actuacións e tipoloxía de gasto, de acordo cos modelos previstos no Anexo I da Instrución núm. 3 do 21/06/2023 da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, relativa ao contido mínimo das memorias económicas dos expedientes de gasto e ás comprobacións a realizar no marco do control interno:

I.1 CADRO XERAL (USC):

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA		
Actividades	Gastos subvencionables	Importe previsto
1. Enquisa poboación adulta (APS)	Gastos de persoal	0,00 €
	Subministracións e servizos	15.480,00 €
	Outros	0,00 €
2. Enquisa expertos (NES)	Gastos de persoal (incluíndo pagos adicionais)	4.500,00 €
	Subministracións e servizos	0,00 €
	Outros	2.100,00 €
3. Redacción e edición do Informe GEM Galicia 2024-2025	Gastos de persoal (incluíndo pagos adicionais)	7.400,00 €
	Subministracións e servizos	4.520,00 €
	Outros	3.000,00 €



4. Presentación pública e difusión do Informe GEM Galicia 2024-2025	Gastos de persoal	0,00 €
	Subministracións e servizos	
	Outros	
TOTAL		37.000,00 €

I.2. DETALLE CADRO PERSOAL (USC):

Categoría profesional	Nº persoas	Salario anual (con pagas incluídas)	Pagos adicionais por este convenio	Seguridade Social	TOTAL coste salarial	Outros	Imputación ao convenio	
							%	contía (*)
Profesorado investigador de la USC	6		9.500					9.500
Colaboradores externos*	3		2.400					2.400
TOTAL custo de persoal imputado								11.900€

*Persoal investigador que pertence ao equipo GEM Galicia, procedente doutras universidades.

I.3 CADRO ORZAMENTO DESAGREGADO POR TIPOLOXÍA DE GASTO PARA GASTOS RECORRENTES (USC):

Tipoloxía de gasto	Importe convenio actual	Importe convenio anterior	Execución	Variación (termos absolutos)	Variación (termos %)	Motivación
Gastos de persoal	11.900	10.000	10.000	+1.900	+19%	Variacións debidas a pequenos axustes no orzamento
Servizos	20.000	21.800	21.800	-1.800	-8,2 %	
Outros	5.100	5.200	5.200	-200	-3,8%	
Total	37.000	37.000	37.000	0	0 %	

II.1 CADRO XERAL (CEG):

CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA		
Actividades	Gastos subvencionables	Importe previsto
1. Enquisa poboación adulta (APS)	Gastos de persoal	0,00 €
	Subministracións e servizos	



	Outros	
2. Entrevista expertos (NES)	Gastos de persoal	0,00 €
	Subministracións e servizos	
	Outros	
3. Redacción e edición do Informe GEM Galicia 2024-2025	Gastos de persoal	0,00 €
	Subministracións e servizos	
	Outros	
4. Presentación pública e difusión do Informe GEM Galicia 2024-2025	Gastos de persoal	1.500,00 €
	Subministracións e servizos	1.500,00 €
	Outros	
TOTAL		3.000,00 €

II.2 CADRO ORZAMENTO DESAGREGADO POR TIPOLOXÍA DE GASTO PARA GASTOS RECORRENTES (CEG):

Tipoloxía de gasto	Importe convenio actual	Importe convenio anterior	Execución	Variación (termos absolutos)	Variación (termos %)	Motivación
Gastos de persoal	1.500	1.800		-300	-16%	Pequenos axustes na estimación de custos
Servizos	1.500	1.200		300	25%	
Outros						
Total	3.000	3.000		0	0%	

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A directora xeral de Traballo Autónomo e Economía Social

Marta Mariño Regueiro

